

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

ACTA SESIÓN PLENO ORDINARIO
27 DE OUTUBRO DE 2025

No Salón de Actos do Auditorio Municipal (*por mor das obras de rehabilitación que se levan a cabo na Casa Consistorial de Ribeira*), sendo as **vinte horas** do **luns 27 de outubro de 2025** (previamente efectuada a convocatoria pola Sra. Alcaldesa Dña María José Sampedro Fernández o 22-10-2025) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta os membros do Pleno enumerados a continuación según o previsto no artigo 46.2 a) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa fin de celebrar pleno ordinario.

A celebración do pleno adopta a modalidade de **“presencial”** según **Decreto de Alcaldía de data 22 de outubro de 2025**

Partido Popular (PP)
1.-María José Sampedro Fernández
2.-Ana Isabel Barreiro Rego
3.-Alejandro Vidal Álvarez
4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
5.-Manuel Vicente Reiriz Bretal.
6.-Victor Reiriz Lampón
7.-Ramón José Doval Sampedro
8.-Carmen Pérez Gómez.
9.-Eladio Muñiz Muñiz
10.-Juana María Brión Santamaría
Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)
1.-Luis Antonio Pérez Barral
2.-María Cruz Rivadulla Márquez
3.-Genoveva María Betanzos Fernández
4.-Antia Alberte Maneiro
5.-Xabier Vidal Peón
Partido Barbanza Independiente (PBBI)
1.-Vicente Mariño de Bricio,
2.-Maria Herminia Pouso Maneiro
3.-Fernando Abrales Pérez
Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)
1.-Francisco Suárez-Puerta Colomer
Concelleiros/as non adscritos/as
1.-Juan Luis Furones Ramos.
2.-Tania Redondo Fernández

A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, D. Juan Manuel Salguero del Valle, que dá fe do acto, e polo **Sr. Interventor** do mesmo. D. Pablo Bao Castro.



ORDE DO DÍA

PARTE I.-ADOPCIÓN DE ACORDOS

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE 29 DE SETEMBRO DE 2025

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do **Pleno ordinario celebrado o 29 de setembro de 2025.**

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), e o artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Ribeira, o Sr. alcalde-presidente pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á sesión ordinaria do día **29 de setembro de 2025.**

Sen observacións, e sen votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente** (grupo m. BNG.) dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por asentimento dos membros presentes esta acta do pleno:

-Acta do Pleno da sesión ordinaria celebrada o 29 de setembro de 2025.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO DE 13 DE OUTUBRO DE 2025 (moción de censura).

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do **Pleno extraordinario celebrado o 13 de outubro de 2025.**

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), e o artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Ribeira, o Sr. alcalde-presidente pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á **sesión extraordinaria** do día **13 de outubro de 2025.**

Sen observacións, e sen votación expresa.

A **Sra. alcaldesa-presidenta** (grupo m. PP) dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por asentimento dos membros presentes esta acta do pleno:

-Acta do Pleno da sesión extraordinaria celebrada o 13 de outubro de 2025.

3.-POS AD 4/2025 PARA GASTO CORRENTE ,REDUCCIÓN DE DÉBEDA COA DEPUTACIÓN (1ª FASE) E IFS (2ª FASE)

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 21 de outubro de 2025 sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 16 de outubro de 2025 do seguinte tenor literal



1.- "Participar na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ ADICIONAL 4/2025**" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

	ACHEGA PROVINCIAL POS+AD 4/2025
Gastos correntes 2025	421.181,73€
Redución da débeda do concello coa deputación	0,00€
TOTAL	421.181,73€

Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 4/2025	421.181,73€
Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 4/2025	421.181,73€
Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 4/2025	0,00€

2.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 23 de setembro de 2025, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 13 (10 PP, 3 PBB)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIONES: 8 (5 BNG, 1 PS DE G-PSOE, 2 CONCELEIROS/AS NON ADSCRITOS/AS)



Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus vinteún membros de dereito **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 21 de outubro de 2025, sobre **POS AD 4/2025 PARA GASTO CORRENTE, REDUCIÓN DE DÉBEDA COA DEPUTACIÓN (1ª FASE) E IFS (2ª FASE)** e, en consecuencia aproba:

Primeiro:- “Participar na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 4/2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

	ACHEGA PROVINCIAL POS+AD 4/2025
Gastos correntes 2025	421.181,73€
Redución da débeda do concello coa deputación	0,00€
TOTAL	421.181,73€

Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 4/2025	421.181,73€
Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 4/2025	421.181,73€
Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 4/2025	0,00€

Segundo:- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Terceiro:- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

4.-PROPOSICION PRESENTADA POLOS GM DO BNG, PS DE G-PSOE E CONCELLEIROS NON ADSCRITOS SOBRE INTEGRACIÓN DA UCA NO SERGAS

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade, e Consumo de data 23 de setembro de 2025 sobre a base dunha proposición presentada polos Grupos Municipais do BNG, PS de G-psoe e concelleiros/as non adscritos/as de data 15 de outubro de 2025 do seguinte tenor literal:



*“Luís Antonio Pérez Barral portavoz do BNG, Francisco Suárez-Puerta Colomer, portavoz do PSdeG-PSOE, Juan Luis Furones Ramos, concelleiro non adscrito, e Tania Redondo Fernández, concelleira non adscrita, mediante o presente escrito dirixido á alcaldesa presenta ante o Pleno da Corporación Municipal de Ribeira, ao abeiro do disposto no artigo 116.1.c, do Regulamento Orgánico Municipal, a seguinte **proposición sobre a integración da UCA no Sergas**.*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Unidade de Condutas Aditivas de Ribeira (UCA), presenta unha serie de deficiencias derivadas da inacción da Xunta de Galicia que é a Administración que debe ostentar a dirección e xestión da mesma, a cal ata o día de hoxe non tivo a intención de acompañar nin económica, nin persoalmente a esta Unidade. Todo isto provocou que sexa o Concello de Ribeira o que debe afrontar os gastos precisos para manter o bo funcionamento da Unidade, que actualmente conta con máis de 3 mil usuarios e usuarias de toda a comarca.

Dende o Goberno municipal sempre manifestamos a intención de conseguir que a UCA se integrase dentro do SERGAS, a fin de conseguir que os pacientes puidesen ter unha mellor e máis adecuada atención, así como evitar a duplicidade, sen sentido, de sistemas sanitarios que pola súa propia natureza non deben ser de carácter municipal.

Desde xullo de 2023, a atención e dedicación que esta unidade tiña viuse aumentando, derivado do bo facer que realizamos cando estivemos asumindo a responsabilidade de gobernar. Temémonos que coa entrada do novo goberno municipal a UCA volva verse relegada a ser unha unidade “fantasma”, dentro do esquema municipal, empregada exclusivamente como cuadrilla de obras menores para tapar a incapacidade do goberno entrante, tal como sucedeu en lexislaturas anteriores do Partido Popular, como é coñecido por todos os veciños e veciñas. Esta forma de actuar promove deliberadamente unha estigmatización dos usuarios e usuarias que propicia o seu illamento social e conduce a que o seu tratamento en moitos casos sexa inefectivo.

Os e as pacientes da UCA son seres humanos que requiren atención e coidados moi determinados, para conseguir a súa integración completa na sociedade, despois de pasar por unha etapa persoal e social moi dura e complicada, na maioría dos casos. Por iso, o noso goberno entendía que os pacientes deben ser atendidos de forma correcta e cos medios adecuados.

Durante estes 2 anos, traballouse con este obxectivo, restaurando o cadro de persoal especializado en áreas como psiquiatría e psicoloxía; substituíndo con persoal propio baixas laborais que debería correr a cargo do propio SERGAS; realizáronse proxectos de restauración de elementos culturais diferenciais como dornas, traballos na Illa de Salvora, colaborouse con asociacións e entidades locais; e tiñase en proxecto a restauración do edificio e das distintas salas da UCA, unha delas xa case terminada: a sala de gravación. Esta sala contribuiría á realización de actividades por parte dos usuarios tales como Podcast, gravación de panxoliñas para o fio musical de nadal da nosa cidade, pero o máis importante realizaríanse cursos de formación en edición e produción de audio para que os usuarios puidesen aumentar as súas capacidades laborais nun campo diferencial. Por iso solicitamos a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1)** *A Corporación Municipal de Ribeira solicita a transferencia da Unidade de Condutas Aditivas ao SERGAS evitando o desmantelamento da mesma.*
- 2)** *A Corporación Municipal de Ribeira insta ao goberno local e á Xunta a finalizar a restauración do edificio e, especialmente, a rematar e usar de forma correcta a sala de gravacións.*
- 3)** *A Corporación Municipal de Ribeira insta a que se continúe adiante cos proxectos formativos e terapéuticos postos en marcha polo goberno local, tendo en conta a finalidade da UCA.”*



Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, e previo acordo entre todos os grupos municipais e concelleiros/as non adscritos/as, sómetese a votación ordinaria por partes o ditame transcrito da Comisión Informativa de Servicios Sociais, Promoción Social, Sanidade, e Consumo de data 23 de setembro de 2025, co seguinte resultado:

PUNTO Nº 1

-VOTOS A FAVOR:	21 (10 PP, 3 PBBI, 5 BNG, 1 PS DE G-PSOE, 2 CONCELLEIROS/AS NON ADSCRITOS/AS)
-VOTOS EN CONTRA:	0
-ABSTENCIÓNS:	0

PUNTO Nº 2

-VOTOS A FAVOR:	8 (5 BNG, 1 PS DE G-PSOE, 2 CONCELLEIROS/AS NON ADSCRITOS/AS)
-VOTOS EN CONTRA:	13 (10 PP, 3 PBBI)
-ABSTENCIÓNS:	0

PUNTO Nº 3

-VOTOS A FAVOR:	21 (10 PP, 3 PBBI, 5 BNG, 1 PS DE G-PSOE, 2 CONCELLEIROS/AS NON ADSCRITOS/AS)
-VOTOS EN CONTRA:	0
-ABSTENCIÓNS:	0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus vinteun membros de dereito **aprobalo, no seus puntos nº 1 e 3**, o ditame transcrito da Comisión Informativa de Servicios Sociais, Promoción Social, Sanidade, e Consumo de data 21 de outubro de 2025, sobre **PROPOSICION PRESENTADA POLOS GM DO BNG, PS DE G-PSOE E CONCELLEIROS NON ADSCRITOS SOBRE INTEGRACIÓN DA UCA NO SERGAS** e, en consecuencia aproba:

Primeiro:-A Corporación Municipal de Ribeira solicita a transferencia da Unidade de Condutas Aditivas ao SERGAS evitando o desmantelamento da mesma.

Segundo:-A Corporación Municipal de Ribeira insta a que se continúe adiante cos proxectos formativos e terapéuticos postos en marcha polo goberno local, tendo en conta a finalidade da UCA.”

PARTE II.- CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

5.- DACIÓN DE CONTA DECRETOS DA ALCALDÍA (ART. 42 DO ROF).

Acta Pleno Ordinario 27 de outubro de 2025

6



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019C3EE00R7I3A2J7P9I6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/11/2025
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 25/11/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/11/2025 14:28:56

DOCUMENTO: 20251688558
Fecha: 25/11/2025
Hora: 14:28

CSV: 07E90019C3EE00R7I3A2J7P9I6



De acordo co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 123.1.a do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira, a Sra. Alcaldesa-presidenta da conta dos decretos asinados dende a celebración do derradeiro pleno ordinario (**29 de setembro de 2025**)

O Pleno da Corporación Municipal queda enterado, non producíndose manifestacións nin opinións en contra.

6.-DAR CONTA INFORME RESUMO ANUAL ACTUACIÓNS CONTROL FINANCEIRO INTERVENCIÓN.

Dase conta dun informe de Intervención de data 16 de outubro de 2025 do seguinte tenor literal:

INFORME RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO.

INTRODUCCIÓN

Conforme establece o artigo 37 do RD 424/17, de 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público, o órgano interventor deberá elaborar con carácter anual e con ocasión da aprobación da Conta Xeral, o informe resumo dos resultados do control interno sinalado no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. O informe resumo será remitido ao Pleno, a través do Presidente da Corporación.

A Intervención elaborou o presente informe que contén os resultados máis significativos das actuacións de control financeiro conforme ao Plan Anual de Control Financeiro 2025, elaborado pola Intervención e asinado o día 23 de xaneiro de 2025, no que se establecían para 2025 as seguintes actuacións de control:

1. INGRESOS.

1.1. Impostos e taxas: será obxecto de control financeiro o cumprimento do establecido na Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminado para unha economía circular, no referente á modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo.

2. GASTOS.

2.1. Gastos de persoal:

2.1.1. Carreira profesional: será obxecto de control financeiro o número de horas extraordinarias realizadas no ano 2024 polo persoal laboral do Concello.

2.2. Capítulos 2 e 6 do orzamento:

2.2.1. Comprobación contratos menores: a través dos datos da contabilidade e do modelo 347 intentarase detectar posibles fraccionamentos de contrato, para concretar as necesidades de licitación de servizos e subministrados, facendo especial fincapé nos fraccionamentos detectados no control financeiro realizado durante o exercicio 2024.

3. SUBVENCIONES.

3.1. Aportacións a grupos políticos: efectuarse control financeiro sobre o destinos dos fondos percibidos polos grupos políticos municipais con cargo aos orzamentos do Concello de Ribeira.



3.2. Subvencións en concorrencia competitiva: efectuarase control financeiro sobre a xustificación dunha convocatoria de subvencións.

ALCANCE DO INFORME

Os resultados contidos neste informe global son os que esta Intervención considerou oportuno expoñer como aspectos máis significativos pola súa relevancia cuantitativa ou cualitativa, pola súa reiteración, pola súa novidade, ou polas súas circunstancias, obtidos a partir de actuacións de control financeiro e de función interventora.

O alcance deste informe é o seguinte:

Controis do Plan 2025 con resultados especialmente significativos

Denominación da actuación	Ámbito obxectivo e temporal	Ámbito subxectivo
Comprobación de contratos menores	Contratos menores realizados en 2025	Concello de Ribeira

CONCLUSIÓNS DO TRABALLO E RECOMENDACIÓNS

A continuación expóñense, segundo a actuación da que proceden, os resultados máis significativos que a xuízo desta intervención deberán ser tomados en consideración:

1.1 Primeiro resultado

No exame dos contratos menores realizados polo Concello de Ribeira durante o ano 2025 observouse a existencia de fraccionamento nos seguintes servizos e subministros: subministro de combustible para os vehículos municipais, subministro de material de obras, servizo de imprenta, servizo de telefonía e conexión á rede e servizo de asistencia técnica e subministro de material de son.

Cabe dicir que este mesmo resultado xa se detectou na actuación de control dos seis anos anteriores, e xa foi incluído no informe resumo como situación a corrixir que requiría plan de acción. Os plans de acción elaborados pola Alcaldía incluían as tarefas necesarias para corrixir esa deficiencia, pero non se realizaron.

Recomendación

Que os servizos afectados por ditos contratos procedan a definir as súas necesidades aos efectos de redactar os pregos que permitan sacar a licitación os mencionados servizos e subministros.

En Ribeira, á data da sinatura dixital.

O INTERVENTOR

Pablo Bao Castro

O pleno queda enterado



7.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do disposto nos artigos 82, 83 e 91.4º do R.O.F., e no artigo 109.5 do R.O.M., o Sr. Alcalde-Presidente, preguntas ós/ás sres/as voceiros/as de teñen algunha moción urxente que non teña cabida na quenda de rogos e preguntas, non presentándose ningunha.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentaron nin rogos nin preguntas

E non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión ás **21 horas e 14 minutos** do día da data do que eu, como secretario dou fe e certifico.

A alcaldesa-presidenta

O secretario xeral

Asdo. María José Sampedro Fernández

Asdo. Juan Manuel Salguero del Valle

